


Moodle: 1ª Sesión:

Apuntes primeira sesión:

1. Creación da aula virtual: Tedes que entrar na páxina web do voso cole e pinchar no enlace onde pon Aula Virtual para ingresar na aula. Cada cole ten un código para entrar na Aula. Si non a sabedes podedes chamar a Chema do Cefore de Pontevedra e que vos xestione o acceso.



2. Unha vez na aula virtual e logueados, o primeiro paso que fixemos foi a xestión dos usuarios. Si estades rexistrados como administradores podedes dar de alta usuarios, xestionar os seus permisos,....


3. Para dar de alta novos usuarios na aula virtual tedes que ingresar en Usuarios>contas>engadir novo usuario e cubrir os datos que aparecen en roxo. Recórdovos que si non queredes por email podedes poñer nonresponder@edu.xunta.es

4. O seguinte paso foi crear o noso curso: Para facelo entramos en Engadir/Editar novo curso. Ahí podemos, si queremos, crear unha nova categoría para ter os nosos cursos organizados, e despois pinchamos en “engadir novo curso” e creamos a nosa aula. O único dato a recordar é o de que é recomendable o formato de temas, para ter máis liberdade á hora de organizar o noso contido.

5. Vos recordo tamén, que si queremos cambiar a plantilla da nosa aula virtual, debemos ter seleccionado no bloque que está aquí arriba, no apartado de presentación o de poder forzar tema.
6. Á hora de crear o noso curso poñédelle nome, unhas abreviaturas, e completade o resumo para que apareza na portada da aula virtual. Despois, o resto, depende das vosas preferencias. Si os alumnos os imos a matricular nós, olvidádevos dos apartados de inscricións e chaves.
7. Agora que xa temos o curso creado, queda empezar a traballar con él e a modificalo e a adaptalo ás nosas necesidades. Para poder modificalo temos que ter pulsado o de “Activar edición” e xa nos aparecen todas as iconas para introducir novos datos.




8. O seguinte paso foi comezar a modificar a nosa aula virtual. No rectángulo da esquerda no que aparece “engadir un recurso” podemos introducir diferentes tipos de texto e tamén enlazar a páxinas web e a un ficheiro, si queremos subir un word, powerpoint ou calquera tipo de ficheiro. A aula virtual admite calquera formato. Si queredes subir audio (Mp3) podedes facelo aquí tamén.



Engadir un recurso...
Inserir unha etiqueta
Libro
Elaborar unha páxina de texto
Elaborar páxina web
Ligazón a un ficheiro ou sitio web
Mostrar un directorio
Engadir un paquete de contido IMS

En resumidas contas, esto é o que fixemos na primeira sesión de docencia.

O editor de texto:



O editor de texto é un editor normal, con todas as características dos editores de texto. Recordar o máis importante. As flechas para desfacer aparecen na parte superior dereita, os enlaces a páxinas web facémolos desde a cadea (importante é poñer que ese enlace se abra nunha ventana nova para deixar a nosa aula virtual aberta). Si queremos poñer un vídeo de youtube, por exemplo, ou outro tipo de código temos que copiar ese código na páxina en cuestión e despois, antes de pegalo pinchar nos dous corchetes <> para cambiar o editor a editor HTML. Unha vez que o texto está pegado volvemos a pinchar no mesmo botón, e si todo está ben feito, aparecerá o vídeo ou o que nos queiramos poñer. Para Youtube é necesario pulsar no vídeo para que se reproduza, despois pinchamos en **Compartir** e logo en **Insertar**. Copiamos ese código e facemos como explico unhas liñas máis arriba.

Si tedes calquera dúbida resolverémolas no curso.

Xurxo Cobelas

xurxocobelas@gmail.com

